

ROTEIRO PAPEL DE ESTRAZA – ILLA DE AROUSA

FERNANDO SALGADO – JUAN OTERO “GENITO”


Asasinatos, malleiras, mulleres rapadas, depuración de mestres, guerra e multas, e a proclamación da República Federal Independente na Illa de Arousa. Baseado no seu libro “Papel de estraza”.



O sábado día 21 de maio de 2022, de 10 a 14 horas, acompañados por Fernando Salgado e Juan Otero, percorreremos a illa de Arousa para revivirmos os lugares onde un grupo de veciños decidiron proclamar a **República Independente na Illa de Arousa**, na madrugada do 7 ao 8 de outubro de 1934, na taberna local *O Nicho*, como consecuencia da convocatoria dunha asemblea sometendo a votación a celebración dunha folga xeral para o luns día 8 de outubro, especialmente como protesta polas condicións de traballo que se daban nas empresas conserveiras locais. Dous anos despois sufriron as consecuencias da barbarie fascista, o que lle custaría a vida á maioría deles.

A forxa dunha forte conciencia social de clase afunde as súas raíces na dureza da vida diaria nunha illa abandonada por todos, na que a forza do colectivo resultou fundamental para superar as traxedias e os obstáculos.

A contextualización dos acontecementos que cambiaron a sociedade, tanto no ámbito autonómico como no estatal e o internacional, remóntase ao pasado, segue a evolución da Illa de Arousa e reflicte os actos da vida diaria, o traballo, as festas, os naufraxios, o empuxe dos mestres para converter a educación nunha catapulta cara á igualdade, o protagonismo das mulleres e as reivindicacións dun pobo tan admirado por aqueles que coñeceron o mundo desde unha visión cosmopolita como marxinado polos gobernantes que tiñan o deber de atender as súas xustas demandas.



Fernando Salgado (Cerdedo, 1959) é xornalista. Traballou no *Diario de Galicia*, *Diario 16 de Galicia*, *Atlántico Diario* e *La Voz de Galicia*. Actualmente é o responsable de *Diario de Pontevedra* nas comarcas de O Salnés e Ulla-Umia. Tamén publicou artigos nas revistas *Tempos novos*, *A trabe do ouro* e *Ardentía*.

É autor dos libros *Elefantes y Hormigas* (2013), *El humo del diablo* (2015), *El fútbol en Galicia* (2016), *Más fuerte que el hambre* (2018) e *1.306/36* (2018). Unha parte da súa produción está aloxada nun blog co seu nome.



Juan Luciano Otero Besada (A Illa de Arousa, 1944), máis coñecido na súa vila natal como Genito ou Eugenio, despois de traballar nunha fábrica de conservas, ingresou na Caixa de Aforros de Pontevedra, cuxa delegación dirixiu durante dez anos. En 1976 foi presidente da primeira asociación de veciños. En Hamburgo (Alemaña) permaneceu dous anos como delegado da Confederación de Caixas de Aforros Españolas. Nesta cidade fundou o Centro Galego, que segue activo. En 1981 ingresou de novo na Caixa de Aforros, exercendo durante vinte anos como interventor na oficina principal de Pontevedra. Nesta cidade colaborou na refundación do Ateneo, en 1991, do que foi o seu secretario durante 15 anos. Tamén desempeñou as funcións de tesoureiro da Sociedade Filharmónica e formou parte do grupo fundador da Asociación Veciñal Barcelos-Río Lérez.



Xubilado anticipadamente pola fusión das caixas de aforros, estudou durante cinco anos na Universidade de Maiores. Regresou ao seu concello en 2006, participando na candidatura do PSOE ás eleccións municipais de 2007, sendo primeiro tenente de alcalde e edil de Urbanismo.

Nos últimos anos dedicouse á investigación da historia insular e rematou o libro *Céltiga, F.C., 90 años de historia*, cuxa escritura fora iniciada polo falecido Alejandro García Fariña. Ultimamente estivo rebuscando nos arquivos militares buscando os arquivos aos que fai referencia este libro.

Máis información:

<https://praza.gal/movimientos-sociais/o-dia-que-a-illa-de-arousa-foi-independiente-por-unhas-horas>

<https://www.farodevigo.es/arousa/2009/10/04/dia-independencia-17896287.html>

<https://www.farodevigo.es/arousa/2014/10/04/dia-illa-logro-independencia-17099346.html>

<https://www.publico.es/politica/galicia-radiografia-exterminio.html>

ROTEIRO PAPEL DE ESTRAZA – ILLA DE AROUSA

FERNANDO SALGADO – JUAN OTERO “GENITO”

O sábado día 21 de maio de 2022 de 10 a 14 horas.

Acompañados por **Fernando Salgado** e **Juan Otero** percorreremos a illa de Arousa para revivirmos lugares onde un grupo de veciños decidiron proclamar a República Federal Independente na Illa de Arousa, e os lugares de represión do franquismo.

Punto de encontro: Museo Centro de Interpretación da Conserva.

Enderezo: Rúa de Palmeira, 25, 36626, Illa de Arousa - Pontevedra.

Coordenadas Google maps: H47G+GF Illa de Arousa.

Asistentes: 25, por orde de inscrición.

Inscrición: de balde.

Boletín de inscrición:

A convocatoria do roteiro constitúe, globalmente, unha proposta para a reconstrución da memoria histórica no contexto escolar. Preténdese suxerir aos e ás asistentes unha reflexión sobre o fenómeno da represión, sobre a desapiadada depuración sufrida pola poboación e, especificamente, na Illa de Arousa.

O obxectivo último do Seminario persegue posibilitar un mellor coñecemento do noso pasado máis recente e provocar tamén que a actualización dos coñecementos sobre os temas abordados nesta edición contribúa, no alumnado indirectamente beneficiario da reflexión, á comprensión do presente e á adopción dunha actitude responsable e solidaria na defensa da liberdade, da democracia e da xustiza.